

AVANZANDO COA CONTORNA



Prezada comunidade:

A integración de ECOBAS no ecosistema galego de excelencia investigadora segue o seu curso e todos cantos formamos parte deste camiño podemos sentir o orgullo de ver ás Ciencias Sociais ocupando o seu merecido lugar, agora ao carón dos representantes das disciplinas técnicas e experimentais de maior renome na I+D+i galega.



A recollida do galardón como Centro Colaborativo no evento de recoñecemento da rede CIGUS de excelencia investigadora simboliza e outorga unha nova visibilidade ao noso traballo. Con moito ánimo renovado seguimos perseverando no desenvolvemento de novos paradigmas e metodoloxías para o estudo da sostibilidade económica, social e ambiental, investigación de fronteira sobre a que estamos avanzando para ocupar un lugar de prestixio no ámbito nacional e internacional.

[Ler máis](#)

Tamén pola nosa vocación de contribución permanente á sociedade, a colaboración e a multidisciplinidade foron os valores dos que fixemos gala na xuntanza de centros de investigación interuniversitarios do SUG, "Ciencia e Conciencia no século XXI", celebrada o xoves 20 de febreiro no Gaiás, convencidos da necesidade da investigación científica de impacto e en conexión coa sociedade.




Un nutrido auditorio conformado por persoal investigador do CITMAga, ECOBAS e o CISPAC participou neste encontro científico coa vontade de fortalecer e consolidar un modelo interuniversitario e multidisciplinar que "xa é de éxito", tal como apuntou o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López, durante a súa intervención na inauguración da xuntanza.

[Preme aquí para ler a noticia completa](#)

AXENDA



>>> TRASFERENCIA: PROXECTOS CON IMPACTO




LAB-ECOBAS

Propostas de valor e resultados transformadores para Empresas, Organismos e Institucións

Lembra que contamos coa túa **participación** nalgunha das xuntanzas **PRESENCIAIS** programadas para o **personal investigador adscrito** con vocación de contribuir ao despregamento da área de Transferencia do noso Centro.

- Para xestionar os teus gastos de desprazamento como persoal membro de ECOBAS, dirixe un correo a ecobase@ecobas.gal.
- Se non podes participar fisicamente, únete á reunión online. Máis info: comunicacion@ecobas.gal

>>> JUNIOR RESEARCH SEMINAR: MARIANA SANTOS



"Experiential Marketing on customers' post-purchase behavior in slow food restaurants"

- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula 156.
- ONLINE: ECOBAS Academy vía Teams. **Imprescindible** [registro previo aquí](#).



>>> JUNIOR RESEARCH SEMINAR: ALEJANDRO FORTUNY



"Navigating Political and Economic Tensions over Time in Platform Cooperatives: the case of CoopCycle"

- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula 156.
- ONLINE: ECOBAS Academy vía Teams.



AXENDA



>>> PINT OF SCIENCE 2025



Como membros da comunidade científica temos entre as nosas encomendas a responsabilidade de **achegar a ciencia á cidadanía**. Por iso os equipos locais de organización do existoso festival de divulgación científica Pint of Science xa están en marcha, buscando profesionais da contorna que queiran compartir a súa investigación (de calquera ámbito) coa sociedade.


Estas son as áreas temáticas na presente edición:

- Mente Marabillosa** **Dos Átomos ás Galaxias** **O Noso Corpo**
- Planeta Terra** **Tech me out!** **A Nosa Sociedade**

Divulgar é sinónimo de compartir: facer comprensible o valor da túa investigación, promover a curiosidade e fomentar o espírito crítico. Anímate a plantexar o teu tema de estudo fóra do noso contexto académico! Hai moita xente aí fora máis interesada do que cres.

O persoal investigador de ECOBAS interesado debe dirixirse á nosa área de comunicación a través do email comunicacion@ecobas.gal, onde nos encargaremos de coordinar as ideas e a loxística para facilitar a participación nas distintas cidades galegas.

>>> XXXII CONGRESO EBEN ESPAÑA: DINAMIZANDO O CAMBIO PARA UN FUTURO RESPONSABLE, ÉTICO E CENTRADO NAS PERSOAS



A piques de rematar o prazo para envío de traballos ao XXXII Congreso EBEN España no que ECOBAS é entidade colaboradora e que este ano terá lugar en Santiago de Compostela:

- Call for abstracts: **ata o 3 de marzo de 2025** (resumo estendido de máximo 1.000 palabras).
- [Web oficial do Congreso](#)



Os traballos aceptados poderán ter a oportunidade de publicarse en revistas académicas asociadas de prestixio, como: Journal of Family Business Management, International Review on Public and Nonprofit Marketing, Management Letters/Cuadernos de Gestión, Revista Galega de Economía/Galician Journal of Economics, Ramon Llull Journal of Applied Ethics ou RBGN (Revista Brasileira de Gestão de Negócios).

Ademais, ábrese a posibilidade de contribuír cun capítulo no libro People-Centered Digital Technology for Ethical and Sustainable Business Practices, que será publicado por IGI Global, unha editorial recoñecida polo seu posicionamento no primeiro cuartil do SPI en áreas como Economía ou Comunicación.

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

>>> ARTIGOS CIENTÍFICOS

- Graña Álvarez, R.; Berbel Vera, J.; **López Valeiras, E.**; Álvarez Espiño, M.; **Rey Ares, L.**; **Fernández López, S.** (2025)

[Alfabetización financiera de las personas emprendedoras y el efecto Dunning-Kruger](#)
Revista de Contabilidad y Tributación. CEF.

- Milei, P. I.; Votintseva, N.; **Barajas, A.** (2025)

[Automated Identification of Business Models](#)
Information Processing and Management, Vol. 62, Núm. 1

- Bischoff, L.; **López Manuel, L.**; **Vázquez Vicente, X.H.** (2025)

[Beyond One-Size-Fits-All: Understanding the Impacts Of Heterogeneous Stakeholders On Firm Performance](#)
Strategic Change, Vol. 34, Núm. 1, pp. 23-41

- García, F.C.; Alvarado, T.E.G.; **Cabanelas Lorenzo, P.** (2025)

[Challenges in talent management: The role of internal marketing in adverse times](#)
Suma de Negocios, Vol. 16, pp. 1-9

- Del Valle, C.; Miranda, H.; Orellana, L.; Adásme-Berrios, C.; **Calvo-Porrál, C.**; Schnettler, B. (2025)

[Direct and indirect relationships between Food Parental Practices, diet quality, and food satisfaction in adolescents](#)
Frontiers in Public Health, Vol. 12

- **Calvo Porrál, C.** & Rivaroli, S. (2025)

[Examining the consumer behaviour of ultra-processed food products: evidence from the Spanish market](#)
British Food Journal (Ahead-of-Print)

- **Gómez, M.A.** (2025)

[Factor substitution and economic growth in a Romer-type model with monopolistic competition](#)
Journal of Mathematical Economics, Vol. 117

- de Santiago, J.A.; Villasante, S.; Tubío, A.; **Antelo, M.**; Pita, P.; Da Rocha, J.M. (2025)

[Productivity changes and management systems in small-scale fisheries](#)
Marine Policy, Vol. 174

- López Cabarcos, M. Á.; López Carballeira, A.; **Ferro Soto, C.** (2025)

[The effects of new ways of working \(NWW\) on employees' well-being and happiness: a theoretical overview](#)
Esic market, Vol. 56, Núm. 1

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

- **Bastida, M.; Vaquero García, A.; Vázquez Taín, M.Á.;** Del Río Araújo, M. (2025)

[Women leading the charge in the social and solidarity economy: A snapshot of gender perceptions of entrepreneurship](#)

Annals of Public and Cooperative Economics

- Lozano, R.; **Barreiro-Gen, M.;** Ortiz-Martínez, G.; Mendoza, A.; Segalàs, J.; Caeiro, S.; Simão, J.; Favi, C.; Gładysz, B.; **Alló, M.;** Gago-Cortés, C. et al. (2025)

[Students' Perspectives on Sustainability Competences and Pedagogical Approaches: Groupings and Interrelations Results From 17 International Case Studies](#)

Sustainable Development

>>> LIBROS

- **Pena-López, A.** & Membiela-Pollán, M. (2025)

[Economics of social relations: Critical perspectives on social capital](#)

Editorial: Routledge USA

>>> CAPÍTULOS DE LIBRO

- **Picatoste, X.;** Tirca, D.M.; **Novo-Corti, I.;** Picatoste-Novo, I. (2025)

[Blue finance](#)


Financial Innovation and Sustainability: Green, Blue and Sustainable Finance (Taylor and Francis), pp. 25-44

- Filipiak, B.Z. & **Salgueiro, A.M.** (2025)

[ESG finance](#)

Financial Innovation and Sustainability: Green, Blue and Sustainable Finance (Taylor and Francis), pp. 128-145

>>> CALL FOR PAPERS | [ADVANCING PRO-ENVIRONMENTAL BEHAVIOR: FROM THE WORKPLACE TO CONSUMER ACTIONS](#)



A [Revista Galega de Economía](#), da que é co-director o investigador de ECOBAS **Adolfo Carballo Penela**, mantén aberto o prazo de recepción de traballos **ata o 31 de marzo** para o número especial titulado “Advancing Pro-Environmental Behavior: From the Workplace to Consumer Actions”.

A [Revista Galega de Economía](#) está indexada no Emerging Sources Citation Index, de Web of Science, Scopus e conta co selo de calidade FECYT de calidade das revistas científicas españolas.

- Call for papers: [ata o 31 de marzo de 2025](#).
- [Consulta toda a información desta chamada premendo na ligazón.](#)

AXUDAS POSDOC



>>> AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA DE I+D+I GALEGO, CONVOCATORIA PARA O ANO 2025

- Tipo de convocatoria: réxime de concorrencia competitiva
- Tipo de axuda: a fondo perdido
- Intensidade da axuda: 100 %
- Duración das axudas: un máximo de 6 anos
- Poderanse conceder ata 49 axudas, coa seguinte distribución:
 - 40 para as universidades do SUG, das cales 10 poderán obter a condición de bolseiras Fulbright.
 - 9 para as demais entidades, das cales 2 poderán obter a condición de bolseiras Fulbright.
- **Prazo de presentación de solicitudes: ata 28.02.2025**
- [Accede aquí á información completa da convocatoria](#)



>>> AXUDAS PARA ESTANCIAS DE INVESTIGACIÓN POSDOUTORAL EN EE.UU.

- Obxecto: estadias de investigación postdoutoral en universidades e centros de investigación de EE.UU, durante la etapa de formación postdoutoral no ámbito do SUG e de GAIN.
- Duración: entre 20 y 24 meses, cun mínimo de 12 meses por destino en caso de fragmentar a estancia entre distintos centros. As estancias deberán desenvolverse entre outubro de 2025 e setembro de 2027 (ambos incluídos)
- Presentación de solicitudes: ata o 28/02/25
- [Procedemento na sede electrónica de la Xunta de Galicia](#)



ETAPA PREOUTORAL



»»» AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOURAS ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I, COFINANCIADAS PARCIALMENTE POLA UNIÓN EUROPEA NO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027, 2025



- Tipo de convocatoria: réxime de concorrencia competitiva
- Tipo de axuda: a fondo perdido
- Intensidade da axuda: 100 %
- Duración das axudas: un máximo de 4 anos
- Poderanse conceder un máximo de 102 axudas: 90 para as universidades do SUG e 12 para as demais entidades.
- **Prazo de presentación de solicitudes: ata o 04/03/2025**
- [Accede aquí á información completa da convocatoria](#)



XUNTA
DE GALICIA

MÉRITOS PUNTUABLES DAS PERSOAS DESIGNADAS PARA DIRIXIR OU CODIRIXIR A TESE DE DOUTORAMENTO

De NON obrigado cumprimento

Puntuación máxima de 15 puntos:

▪ **No caso de solicitudes presentadas por unha universidade do SUG:**

- Pertenza a un grupo con potencial de crecemento que contara con financiamento nalgunha das convocatorias de 2021 a 2024: **5 puntos**
- Pertenza a un grupo de referencia competitiva que contara con financiamento nalgunha das convocatorias de 2021 a 2024: **10 puntos**
- Pertenza a un centro colaborativo recoñecido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no ano 2024: **11 puntos**
- Pertenza a un equipo de investigación dirixido por persoal investigador baixo a modalidade de investigador distinguido contratado pola Axencia Galega de Innovación (programa Oportunus); ou a un equipo de investigación do que forme parte unha persoa investigadora beneficiaria dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC): **12 puntos**
- Pertenza a un centro de investigación con acreditación vixente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a unha Unidade de Excelencia María de Maeztu ou a un centro de excelencia Severo Ochoa radicados en Galicia e con axuda vixente: **15 puntos**
- Por estar adscrita a un Campus de Especialización acreditado pola Xunta de Galicia concederanse **2 puntos a maiores dentro do máximo de 15 puntos**.

▪ **No caso de solicitudes presentadas polas demais entidades indicadas no artigo 2.1:**

- Ter participado no desenvolvemento de proxectos concedidos pola Axencia Galega de Innovación para a realización de actividades de I+D+i entre os anos 2021 e 2024: **4,5 puntos**
- Ter sido beneficiario de actividades financiadas pola Axencia Galega de Innovación entre os anos 2021 e 2024: **10,5 puntos**
- Que forme parte do grupo de investigación unha persoa investigadora beneficiaria dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC): **10,5 puntos**
- Ter sido a persoa investigadora principal dalgún proxecto concedido polo Plan nacional de I+D+i entre os anos 2021 e 2024. A entidade beneficiaria deste proxecto, ou proxectos, deberá ser a mesma que a entidade solicitante destas axudas: **12 puntos**
- Ter participado no desenvolvemento dalgún proxecto concedido polo Programa marco de I+D da Unión Europea, entre os anos 2021 e 2024, no que a entidade solicitante participara en calidade de socio: **12 puntos**
- Ter participado no desenvolvemento dalgún proxecto concedido polo Programa marco de I+D da Unión Europea, entre os anos 2021 e 2024, no que a entidade solicitante participara en calidade de líder: **15 puntos**

Importante: Só se terá en conta a puntuación acadada pola pertenza da persoa designada para dirixir ou codirixir a tese a unha estrutura grupal ou supragrupal universitaria ou de organismos de investigación alleos ao SUG, e só se valorará por unha das epígrafes, de xeito que non son acumulativas entre si.

DOUTORAMENTO



>>> COLLABORATIVE DOCTORAL PARTNERSHIPS (CDP) PARA UNIVERSIDADES

Esta convocatoria está dirixida a universidades que desexen organizar conxuntamente proxectos de doutoramento cos seus homólogos do Joint Research Centre (JRC). Deben poder acoller e formar candidatos doutores e cumprir os seguintes criterios:

1. Proceder dun estado membro da UE ou dun país asociado ao EU Research Framework Programme en vigor
2. Ter dereito a conceder títulos de doutoramento e ter autonomía administrativa, incluíndo a sinatura de acordos con colaboradores externos.

○ **Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial** no que participa ECOBAS estará encantado de acoller as propostas, para o cal é importante un bo encaixe nas prioridades marcadas (que podes consultar aquí), especialmente as relacionadas coa sostibilidade, descarbonización, neutralidade climática e os grandes retos para a sociedade. Agardamos as vosas ideas!!!

CALENDARIO:

- Presentación de solicitudes **ata o 18 de marzo**.
- Os resultados da convocatoria daránse a coñecer antes de 1 de abril.
- O día 8 de abril terá lugar un workshop obrigatorio para todos os seleccionados.

CONVOCATORIA:

Accede [aquí ao documento completo da convocatoria](#) ou diríxete ao formulario de solicitude na seguinte [ligazón](#).

MÁIS COMUNIDADE



>>> AERNA AWARDS 2025

A Asociación Hispano-portuguesa de Economía dos Recursos Naturais e Ambientais (AERNA, www.aerna.org) convoca a segunda edición do Premio ao mellor traballo de máster e á mellor tese doutoral, tanto en España coma en Portugal.

Requisitos:

- Traballos defendidos nunha universidade pública ou privada de España ou Portugal nos cursos académicos 2022-2023 ou 2023-2024.
- Traballos do eido da economía do medio ambiente e dos recursos.

Categorías e dotación:

- Master Thesis: €400.
- Ph.D. Thesis: €800.

Máis información e detalles do procedemento para envío das candidaturas:

- Angel Bujosa (secretariaaerna@gmail.com)
- Prazo para a presentación: ata o 25 de maio de 2025



>>> PROGRAMA DE PRÁCTICAS DE VERÁN NO CEMFI

Dirixido a estudiantado universitario de grao cun expediente académico brillante que desexe adquirir experiencia na investigación económica, este programa está dirixido a cidadáns dos países membro da Unión Europea ou que posúan un NIE español en vigor ata o final das prácticas de verán.

- As prácticas serán remuneradas e se desenvolverán durante catro semanas, dende o 23 de xuño ata o 18 de xullo de 2025, a tempo completo.
- Presentación de solicitudes: ata o 11/04/25.



ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

